

## **CAMPAÑA DE INVERNO 2018 da Deputación da Coruña**

A Deputación Provincial da Coruña organiza unha **CAMPAÑA DE INVERNO** na **estación invernal de CABEZA DE MANZANEDA** na que poderán participar os nenos/-as nados nos anos 2003, 2004, 2005, 2006 e 2007. A duración da activade será de **4 días**: os participantes entrarán na estación o venres pola mañá e a sairán o luns despois da comida. Esta proposta inclúe o transporte, estadía e manutención na estación invernal, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remontes mecánicos e todo o gasto que ocasionen as actividades e cursos programados.

A Deputación asignoulle ao Concello de Santiago **22 prazas** para participar na 5ª quenda: **do 9 ao 12 de marzo de 2018.**

Para poder acceder ás prazas do Concello de Santiago haberá que estar empadroadado (farase a oportuna comprobación no padrón de habitantes) e presentar a **ficha de inscrición** debidamente cuberta en calquera dos Rexistros do Concello:

- **Rexistro Xeral** : R/ Presidente Salvador Allende, 4 Baixo (Galeras)
- **Rexistro Auxiliar do Ensanche**: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)

**A data límite de presentación de solicitudes remata o martes 16 de xaneiro.**

**Terán preferencia os/as rapaces/as que non foran a ningunha campaña da neve da Deputación.**

No caso de ter máis solicitudes ca prazas realizarase un sorteo público ante o Secretario do Concello para a adxudicación das mesmas.

Os adxudicatarios das prazas terán que aboar a **cota de inscrición de 85 €** e completar a documentación necesaria para a inscrición oficial que establece a Deputación: foto tipo carné, fotocopia da tarxeta sanitaria, fotocopia do carné de identidade ou do libro de familia, copia do aboamento da cota de inscrición e, no caso de que o neno/a tivese tratamento ou doenza que teña que ser tido en conta, achegarase certificado médico asinado por facultativo/a (de igual xeito, no caso de medicación específica ou alerxia alimentaria ou doutro tipo)

Máis información: Departamento Municipal de Deportes 981 528 730